



Concello de Sarria

BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE MATRICULACIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE SARRIA PARA O CURSO 2022/2023.

1.- Obxecto da convocatoria e publicidade.- As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de admisión de alumnas/os na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Sarria en convocatoria única para o curso 2022/2023. As bases reguladoras e todos os actos dimanantes serán publicados na sede electrónica do Concello de Sarria (<https://sarria.sedelectronica.es/board>), na páxina web www.sarria.es e na Escola Municipal de Música.

Seguirase o criterio da Axencia Española de Protección de Datos en interpretación da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal e Garantía dos Dereitos Dixitais, no referente á publicación do documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro:

Dado un DNI con formato 12345678X, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: ***4567***.

Dado un NIE con formato L1234567X, publicaranse os díxitos que no formato ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: ****4567*.

Os caracteres alfabéticos, e aqueles numéricos non seleccionados para a súa publicación, substituiranse por un asterisco por cada posición.

2.- O número de prazas ofertadas fora das de continuidade farase público no momento en que finalice o prazo de matrículas dos alumnos que continúen a súa formación musical na escola.

3.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.- As solicitudes das persoas interesadas presentaranse de forma presencial nas instalacións da **Escola de Música de Sarria**, sita na rúa Pedro Saco en **horario de 10:30 a 14:00 horas** e nos prazos seguintes:

1. Alumnos da Escola con reserva de praza (matrícula de continuidade): **do 4 ao 8 de xullo**, ambos inclusive.
2. Alumnos matriculados durante todo o curso anterior á presente convocatoria en música e movemento que solicitan instrumento por primeira vez (matrícula preferente): **do 11 ao 14 de xullo**, ambos inclusive. Será requisito imprescindible que o ano de nacemento do alumno sexa 2015 ou anterior.
3. Alumnos de novo ingreso (nova matrícula): **do 18 de ao 22 de xullo**, ambos inclusive

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 7236GS2SYM6XMTZ3CZ9AAWQWV | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello de Sarria

As persoas interesadas deberán presentar:

- a) Solicitud en modelo específico debidamente cumprimentado. O modelo de solicitud estará dispoñible en formato PDF autoeditable na sede electrónica do Concello de Sarria e na páxina web www.sarria.es, así como en formato impreso na propia Escola Municipal de Música. No caso de alumnas/os menores de idade, a solicitud deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que representen legalmente ao menor.
- b) Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai, pai, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno no caso de menores de idade.
- c) Fotocopia do DNI da/o titular do número de conta bancaria onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos no caso de non coincidir a/o titular da conta coa persoa asinante da solicitud.

4.- Procedemento de matrícula.- Tramitadas e valoradas todas as preinscricións, o procedemento de admisión e matrícula estrutúrase nas seguintes fases:

FASE A: Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria para o mesmo instrumento que se solicita.

Procederáse á publicación das listaxes provisionais de alumnado con reserva de praza admitido, establecéndose un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións contra as relacións provisionais e enmenda de erros ou omisións.

Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederáse á publicación definitiva de listas, determinándose na mesma resolución o número de prazas non cubertas por especialidade aos efectos de iniciación da fase B.

A publicación, mediante resolución de alcaldía, de alumnos adxudicatarios das prazas, terá efectos de formalización de matrícula nas correspondentes especialidades, non sendo necesario efectuar ningún outro trámite.

FASE B: Adxudicación de vacantes

Finalizada a fase anterior levarase a efecto a adxudicación de prazas vacantes entre o alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria en música e movemento, que solicita instrumento por primeira vez, e entre o alumnado de nova inscrición. O alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria que desexe cambiar de instrumento terá tamén a consideración de nova inscrición.

Poderanse solicitar un máximo de tres instrumentos establecendo a orde de preferencia, aínda que cada aspirante só poderá ser adxudicatario de matrícula nun instrumento.

Nesta segunda fase as prazas serán directamente adxudicadas no suposto de vacantes en número igual ou inferior ao de solicitantes. Se o número de solicitudes por especialidade fose superior ao de prazas vacantes realizarase un sorteo público para a adxudicación e/ou elaboración de listas de agarda por instrumento ou especialidade. Con carácter previo ó sorteo procederáse á publicación das listaxes provisionais de

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 7236GS2SYM6XMT73CZ9AAWQWV | Conexión: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello de Sarria

solicitantes admitidos, establecéndose un prazo de 3 días hábiles para presentación de reclamacións contra as relacións provisionais e enmenda de erros ou omisións.

Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederase a efectuar o sorteo e publicación dos resultados.

Darase preferencia en todo caso aos alumnos matriculados en música e movemento que solicitan instrumento por primeira vez sobre o alumnado de nova inscrición.

Os Sorteos teñen carácter público, aínda que non é obrigatoria a presenza nos mesmos. Os resultados publicaranse posteriormente na sede electrónica do Concello de Sarria (<https://sarria.sedelectronica.es/board>), na páxina web www.sarria.es e na Escola municipal de música.

5.- Pagamento de taxas.- O pagamento da taxa no suposto de renovación de praza (fase A) efectuarase mediante a modalidade de domiciliación con cargo en conta na segunda quincena de outubro de 2022, do que se informará ás entidades bancarias mediante o formato electrónico establecido para a comunicación de domiciliados (Caderno 19).

De non materializarse o pago e ser devolto o recibo domiciliado pola entidade bancaria, se lle expedirá e notificará ao debedor carta de pago para o seu ingreso voluntario en calquera das entidades colaboradoras. O día seguinte ó do vencemento do prazo establecido para o ingreso iniciarase o período executivo que determinará a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Os adxudicatarios de prazas vacantes (fase B) deberán efectuar o pago mediante carta de pago para o seu ingreso voluntario no prazo que se estableza en calquera das entidades colaboradoras (ABANCA, CaixaBank ou Caixa Rural). O día seguinte ó do vencemento do prazo establecido para o ingreso iniciarase o período executivo que determinará a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

6.- Obriga de pagamento e xestión.-

De conformidade co disposto no artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos na Escola municipal de música e talleres culturais e outros ensinós:

- 1.- A obriga de pagamento nace desde o momento de matricularse nalgunha das materias impartidas pola Escola.
- 2.- A falta de aboamento das cantidades correspondentes dará lugar á anulación da matrícula, previo informe do Director da Escola.
- 3.- A falta de asistencia, calquera que sexa a súa razón, dos alumnos as clases non da dereito á restitución da Taxa, que ven establecida polo feito de matricularse.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 7236GS2SYM5XMT73CZ9AAWQWV | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello de Sarria

7.- Funcionamento das listas de agarda.- No caso de producirse renuncias de prazas ou baixas, as vacantes ocuparanse coas/cos solicitantes que figuran na lista de agarda de cada instrumento ou especialidade musical elixidos por rigorosa orde. A baixa na Escola non xerará efectos de reserva de praza para a matrícula na escola no curso seguinte. O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar á Escola calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas entre as 9:00 e as 15:00 horas, cun intervalo mínimo de trinta minutos entre cada chamada. No caso de non ser localizado por teléfono, remitirase correo electrónico á dirección que indicase expresamente. De non atender ao chamamento nun prazo de dous días hábiles desde a remisión do correo electrónico, pasarase a chamar ó seguinte aspirante. En proba da realización das chamadas telefónicas e demais actuacións tendentes á localización do aspirante, o empregado público actuante dilixenciará os datos da mesma, indicando día, hora e minuto da chamada, se contactou directamente co aspirante, se foi con outra persoa indicando os seus datos e relación co aspirante ou se deixou os avisos no contestador, así como, no suposto de non contactar directamente co aspirante, a copia do correo electrónico enviado. Unha vez localizado, o aspirante disporá dun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar.

8.- Recursos.- A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen oportuno.

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 7236GS2SYM6XMT73CZ9AAWQWV | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4